



Un xastre amais un criado que estaban cosendo nunha casa e tiñan fame de noite e entonces o, o criado díxolle ó amo:

- Mi amo yo tengo... Teño fame.

E díxolle o amo:

- Tes?
- Teño.
- Eu tamén.
- E logho como facemos.
- Pois mira, vas abaixo que fixeron papas e, e traes unha ghorra delas.
- Pero despois non acerto pa cama.
- Levas un fío e cando veñas traesme a min, ti comes as que queiras e a min traesme unha ghorra delas – unha ghorra da cabeza – e, e síghelo fío e xa acertas.

E entonces veu cunha ghorra de papas e díxolle:

- Mi amo, tome as papas.

E o amo, en ves de poñerlle o fío así cara aquí, púxolle o fío dispensando, no traseiro. E entonces vaise e, o fío taba no traseiro, e decíalle:

- Mi amo tome as papas.

E o traseiro taba “pff”, “pff”

E decíalle:

- Pero mi amo tome as papas, tome as papas que xa están frías!

E veña, veña, veña. E.

- Pero xa tanto soplar!

Plas! Estampoullas todas no cu.

E entoncese, claro, empezou a berrare. Ai, xa non o dixen ben!

O cu dunha vella, da casa, e entonces a vella empezou a berrare:

- Ai Dios mío! Que aquí anda el demonio que me pasou a min aquí tal e tall!

E entonces armaron unha revolución e o criado e mailo home, o xastre, marcharon.

E díxolle o xastre ao criado:

- Trae esa porta contigo.



E o criado en ves de cerrala porta, díxolle que cerrase a porta, en ves de cerrala porta, colle a porta ó lombo. Marchou ca porta ó lombo. Chegaron alá a un sitio e subiron para arriba dun carballo e díxolle o xastre.

- Es capas de, es capas de, de traela porta contigo pa riba?

Díxolle:

- Sí.

E levou a porta consigo, taban enriba dun carballo e viñan vindo enriba dunha pandilla de ladróns e puñéronse alí abaixo a contalos cartos, tiraron alí os cartos todos e fixeron o caldo. E entonces probaron o caldo e non lle tiña sal.

Díxolle o, o xastre ao criado:

- Tes ghanas de mexare?
- Teño
- Méxalle na pota

E mexáronlle na pota, despois probaron e dixeron:

- Aghora xa o ten, aghora o que lle faltaba unha pouca fariña.

E díxolle el:

- Tes ghana de, de andare de vientre?
- Teño
- Cághalle – dispensando- Na pota.

E despois fíxollo na pota e despois probárono e dixeron:

- Vaia que aghora o caldo estache bo! Ten sal, pedimos sal, Dios mandóunolo, pedimos fariña, Dios mandóunola, e todo ceu arriba. E se aghora lle pedimos un raio tamén nolo mandaríaa?
- Deixalle caí-la porta.

E deixoulle caer a porta.

Escaparon todos pero a cien e deixaron os cartos. E deixaron a pota alí do caldo, deixaron todo. Os outros o caldo non o colleron, pero os cartos sí. E entonces estaban alí cara o lume e chegou, dixeron:

- E que será das nosas cousas?

E dixo un:

- Pois vouno mirare.

E foi a mirar e díxolle el:

- E logho ustedes que fan aquí señores?

Díxolle ó, ó xastre amais ó...

- Tamos aquí que eu son médico.
- E este?

- E este? Este é o meu practicante. E tamos aquí pa consultar a quen veña.

E díxolle:

- Ai pois eu tou enfermo.
- Bueno pois bote a lengüiña fora.

E botoulle a lingua fóra e cortáronlle un anaco, e entonces marchou:

- Nanananana! Nanananana!

E non lle podían os outros preghuntarlle e el non sabía falare. E inda tan correndo aghora.

- Tan ho! E vinos eu ir por ahí abaixo.